

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: "Necesidade de adopción de acordo en relación cos asuntos incluídos na convocatoria de acordo coa motivación incluída no expediente"
<b>Data</b>	13 de maio de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 21'00 ata as 00'18 horas
<b>Lugar</b>	Participación a distancia
<b>Presidida por</b>	Fátima Abal Roma
<b>Secretario</b>	Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

### **ASISTENTES (16):**

PSDG-PSOE (3): D. Samuel Lago Ozón, D<sup>a</sup> Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CÁMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D<sup>a</sup> Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D<sup>a</sup> María Isabel Fole Trigo, D<sup>a</sup> Silvia Fernández Pérez, D<sup>a</sup> Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D<sup>a</sup> Monica Montserrat Peña Otero e D. José Carlos Trigo Trigo.

CÁMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Non asiste: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cruz Leiro Peña

A sesión celébrase mediante videoconferencia e a distancia de acordo co disposto no artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril e a Resolución da Alcaldía do 13.07.2021 e de acordo coa motivación que se inclúe na motivación da convocatoria

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### **A) PARTE RESOLUTIVA**



**1.- Expediente 391/2018 - Solicitud de Aquafit Gestión SL interesando ser resarcido polos danos e prexuízos irrogados pola suspensión do contrato de xestión de servizos públicos de piscina e ximnasio municipais.**

O Sr. Secretario da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Servizos de 10.05.2021, favorable, cos votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e as abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode do seguinte tenor literal,

*“Contrato administrativo de xestión de servizos públicos suscrito entre o Concello de Cambados e Aquafit Gestion SL para a xestión de servizos públicos de piscina municipal e ximnasio municipal asinado polas partes o 28.01.2015.*

*Acordo da Xunta de Goberno Local de 31.01.2018 polo que se suspende con efectos do 01.03.2018 a concesión do servizo público de de piscina climatizada (actividades acuáticas), namentres duren as obras de substitución de envolvente e actualización das instalación de piscina climatizada do complexo deportivo Pombal (aproximadamente 11 meses), permanecendo non obstante abertas as restantes instalación (ximnasio e sala de actividades), prestacións que seguirá desenvolvendo o concesionario.*

*Acordo da Xunta de Goberno Local de 04.12.2018 polo que se suspende, con efectos do 3 de decembro de 2018, a concesión do servizo público (ximnasio municipal), namentres duren as obras de “Demolición e reconstrucción do bloque de vestiarios e instalación anexo as obras de substitución da envolvente da piscina climatizada no complexo deportivo do Pombal” (aproximadamente 2 meses).*

*Acordo da Xunta de Goberno Local de 01.10.2019 polo que se resolve alzar as suspensións acordadas no contrato de prestación de servizo de “Piscina climatizada e ximnasio municipal” con efectos de 01 de outubro de 2019.*

*Reclamación da empresa Aquafit Gestion SL de 30.04.2020 instando ao Concello de Cambados a ditar resolución pola que se recoñeza o seu dereito que lle asiste a ser resarcido co importe de 202.682,75 euros máis os intereses legais que se devenguen desde a data de reclamación polos danos e prexuízos irrogados:*

*1.Pola suspensión das prestacións de piscina, zona Spa e os vestiarios de piscina obxecto do contrato de concesión suscrito con este Concello durante o periodo que abarca desde data 1-3-2018 a 1-10-2019.*

*2.Pola suspensión total do contrato de concesión durante o período que abarca desde data 3-12-2018 a 11-2-2019.*

*Consta informe técnico pericial sobre a reclamación da concesionaria por suspensión de actividades debido a execución de obras redactado por José Antonio Gómez Ferreira, Enxeñeiro Técnico Industrial de marzo de 2021.*

*Consta informe da Secretaría Municipal de data 05.05.2021 que nos seus fundamentos xurídicos expresa,*

*“Convén determinar, nun primeiro lugar, o réxime xurídico de aplicación ao contrato en cuestión formalizado en data de 16.09.2010.*



Nesa data era de aplicación o Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público que será a lexislación de aplicación consonte á Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

O artigo 8 do Real Decreto 3/2011 do 14 de novembro establece que son contratos de xestión de servizos públicos os que,

“O contrato de xestión de servizos públicos é aquel en cuxa virtude unha Administración Pública ou unha Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración ou Mutua encomendante.”

O artigo 275 do Real Decreto 3/2011 do 14 de novembro establece que,

“1.A Administración poderá xestionar indirectamente, mediante contrato, os servizos da súa competencia, sempre que sexan susceptibles de explotación por particulares. En ningún caso poderán prestarse por xestión indirecta os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

2.O contrato expresará con claridade o ámbito da xestión, tanto na orde funcional, como no territorial.”

A este respecto o artigo 276 Real Decreto 3/2011 do 14 de novembro establece que,

“Os efectos, cumprimento e extinción dos contratos de xestión de servizos públicos se regularán pola presente Lei, excluídos os artigos 212, apartados 2 a 7, ambos inclusive, 213, 220 e 222, e polas disposicións especiais do respectivo servizo, en canto non se opoñan a ela.”

A empresa reclamante basea a súa reclamación na aplicabilidade do artigo 220 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro por el que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en relación á suspensión dos contratos determina,

“1.Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tiver lugar pola aplicación do disposto no artigo 216, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

2.Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.”

Non obstante debemos ter en conta que o artigo 276 do Real Decreto 3/2011 do 14 de novembro exclúe da súa aplicación de forma expresa para os contratos de xestión de servizos públicos a determinación do artigo 220.

Esta cuestión debe terse en conta, ademáis que o propio prego de cláusulas administrativas particulares na súa cláusula segunda preveía que,

“Non obstante, hai que ter en conta o artigo 276 do TRLCSP que sinala que os efectos, cumprimento e extinción do contrato de xestión de servizos públicos regularanse polo TRLCSP, **excluídos os artigos 212, apartados 2 a 7 (penalidades por demora), 213 (resolución por demora e prórroga), 220 (suspensión dos contratos) e 22 (cumprimento do contrato e recepción da prestación)** así como polas disposicións especiais do respectivo servizo, en canto non se opoñan ó TRLCSP.”



A cláusula segunda do prego de prescricións técnicas que cita a reclamante refírese ao prazo de duración do contrato, e non a esta cuestión.

Entende este informante que a reclamación, no seu caso, debería canalizarse a través do artigo 282 do Real Decreto 3/2011 do 14 de novembro que prevé de forma expresa os supostos de modificación do contrato e de mantemento do seu equilibrio económico.

“1.A Administración poderá modificar por razóns de interese público e se concorren as circunstancias previstas no título V do libro I, as características do servizo contratado e as tarifas que han de ser abonadas polos usuarios.

2.Cando as modificacións afecten o réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.

3.No caso de que os acordos que dite a Administración respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica o contratista non terá dereito a indemnización por razón dos mesmos.

4.A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a)Cando a Administración modifique, por razóns de interese público e de acordo co establecido no título V do libro I, as características do servizo contratado.

b)Cando actuacións da Administración determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

c)Cando causas de forza maior determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. Para estes efectos, entenderase por causas de forza maior as enumeradas no artigo 231 desta Lei.

5.Nos supostos previstos no apartado anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas para abonar polos usuarios, a redución do prazo do contrato e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Así mesmo, nos casos previstos nos apartados 4. b) e c), poderá prorrogarse o prazo do contrato por un período que non exceda dun 10 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.”

De igual forma o artigo 127.2 do Regulamento de servizos das corporacións locais determina que,

2.A Corporación concedente deberá:

1º Outorgar ao concesionario a protección adecuada para que poida prestar o servizo debidamente.

2º Manter o equilibrio financeiro da concesión, para o que:

a) compensará economicamente ao concesionario por razón das modificacións que lle ordenar introducir no servizo e que incrementaren os custos ou diminuíren a retribución; e

b) revisará as tarifas e subvención cando, aínda sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles determinaren, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión.



3º Indemnizar ao concesionario polos danos e prexuízos que lle ocasionar a asunción directa da xestión do servizo, se esta se producise por motivos de interese público independentes de culpa do concesionario.

4.º Indemnizar ao concesionario polo rescate da concesión ou en caso de supresión do servizo.

Téñase en conta que o citado artigo distingue claramente os supostos nos que procedería a indemnización de danos e prexuízos (os cales non encaixan no presente suposto) e as do reequilibrio financeiro.

Unha das máis clásicas circunstancias alegadas como orixinadoras deste dereito ao reequilibrio é a doutrina do risco imprevisible e a do “factum principis”. A mencionada doutrina do risco imprevisible, enlazada á cláusula “rebus sic stantibus”, esixe presuposto para o restablecemento do equilibrio económico-financieiro do contrato, tal e como afirma a STS do 18 de abril de 2008 que,

“como consecuencia de la aparición de un riesgo que no pudo ser previsto al tiempo de celebrarse el contrato, se alteren sustancialmente las condiciones de ejecución del mismo, de modo que la prestación pactada resulte mucho más onerosa para una de las partes de lo que inicialmente podía preverse”.

Pola súa banda, a doutrina do factum principis, –ou do « Fait du Prince», como foi nomeada orixinalmente polo consello de Estado francés ao inaugurar esta construción xurídica –, non foi desenvolta como tal pola nosa lexislación, pero foi constante a súa aplicación por parte do Tribunal Supremo que, por citar algunha, no seu STS do 20 de novembro de 1985, lembra que devandito principio reequilibrador da contratación pública,

“contempla el supuesto de que la adopción de medidas administrativas al margen del mismo contrato suponga una repercusión indirecta en el ámbito de sus relaciones contractuales que haga en exceso oneroso la prestación del contratista”

En sentenza 185/2019 de 19 de decembro o Tribunal Supremo veu a precisar e concretar a súa doutrina sobre o alcance e aplicación do instituto do reequilibrio concesional considerando como presupostos para a súa apreciación:

a) Previsibilidade do feito determinante da ruptura do equilibrio.

O primeiro análise que realiza a sentenza analizada é, precisamente, o de indagar se a actuación que da lugar á suposta ruptura do equilibrio da concesión era ou non, previsible.

Neste caso, o prego de cláusulas administrativas particulares na súa cláusula xa preveía que,

“Para o suposto de que durante a duración do contrato, o Concello de Cambados execute obras de remodelación das instalacións da piscina municipal (reforma de cuberta etc) e as mesmas deban permanecer pechadas ó público, o concesionario deberá asumir os custos de persoal durante o período de duración das mesmas, cun máximo de 6 meses. Neste caso, o concesionario quedará exento do aboo do canón ofertado en metálico durante o prazo dun ano”.

Pois ben, estaba prevista a execución desas obras de mellora no propio prego de cláusulas administrativas, algo que non era alleo á reclamante cuestión que debería ser analizada no procedemento de reequilibrio.

2. Definición do concepto de Administración Pública



A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos: ...

“Cando causas de forza maior ou actuacións da Administración determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión. Para estes efectos, entenderase por causa de forza maior as enumeradas no artigo 214.”

Ao fío da devandita redacción, a demandante suxerira que «Administración» se trata dun concepto polisémico que pode referirse tanto a un «conxunto de Administracións públicas» ou a un sector destas, debéndose optar por unha interpretación ampla do termo.

A este respecto, a Sala declara contundentemente que non pode ser acollida dita pretensión toda vez que:

**«solo y exclusivamente la Administración que adjudica la concesión de la obra es la que puede variar –y no otra– el contenido del contrato afectando al equilibrio económico financiero del mismo. Es evidente que solo las actuaciones de la Administración contratante –y no las de otra– son las que pueden determinar la ruptura sustancial de la economía de la concesión».**

Neste caso resulta trascendente ter en conta que a execución das obras que motivaron a paralización da concesión foron obxecto, en grande medida, de adxudicación e execución pola Deputación Provincial sen que a Administración Local puidese controlar a súa execución ao non ter atribuídas as prerrogativas que lle asistirían en canto órgano de contratación.

Pois ben, e sen prexuízo da posibilidade que poida asistir ao concesionario dun reequilibrio económico do contrato polas causas que considere oportunas e coas limitacións establecidas nos pregos da concesión e da lexislación de aplicación, conven suliñar:

1. Que a vía de reclamación utilizada pola reclamante (artigo 220 do Real Decreto Legislativo 3/2011) é desbotada polo artigo 276 Real Decreto 3/2011 do 14 de novembro e pola cláusula segunda do prego de cláusulas administrativas particulares que di,

“Non obstante, hai que ter en conta o artigo 276 do TRLCSP que sinala que os efectos, cumprimento e extinción do contrato de xestión de servizos públicos regularanse polo TRLCSP, excluídos os artigos 212, apartados 2 a 7 (penalidades por demora), 213 (resolución por demora e prórroga), 220 (suspensión dos contratos) e 22 (cumprimento do contrato e recepción da prestación) así como polas disposicións especiais do respectivo servizo, en canto non se opoñan ó TRLCSP.”.

2. Que o informe pericial contradictorio contratado polo Concello de Cambados rebate os argumentos da reclamante e considera inxustificada a cantidade reclamada pola concesionaria que, lembremos, ascende a 202.682,75 euros máis os intereses legais que se devenguen desde a data de reclamación polos danos e prexuízos irrogados, que se plantea á marxe do procedemento de reequilibrio financeiro e dos límites que os pregos establecen na súa cláusula vixésimoprimeira entre a que se contempla a posibilidade de alargamento da vida da concesión.

Téñase en conta, a este respecto, que as obras e suministros executadas dan lugar a melloras ostensibles na instalación obxecto da concesión administrativa e se corresponden con demandas da propia concesionaria, cuestión que se analiza pormenorizadamente no informe pericial que se adxunta ao expediente.

Considera este informante, pois que estes argumentos aconsellan a desestimación da reclamación planteada tendo en conta os antecedentes anteriores, todo ello sen prexuízo da posibilidade que asiste ao contratista para instar un procedemento de reestablecemento equilibrio do contrato ou mesmo tendo en conta todas as variables, límites e condicionantes que son de aplicación.



*De acordo cos antecedentes anteriores, non se considera apropiado estimar unha reclamación económica deste tipo, fixada de forma unilateral por parte do contratista e á marxe do procedemento legalmente establecido.*

*Nótese que o artigo 282 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro atribúe á Administración a potestade para a modificación dos contratos e para o mantemento do seu reequilibrio económico.*

*Non procede, pois, aceptar a solicitude de indemnización por importe de 202.682,75 euros tendo en conta os antecedentes anteriores sen que a interposición de recurso contencioso administrativo por desestimación presunta da súa reclamación impida á Administración a resolver de forma expresa consonte a obriga que dimana do artigo 21 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.*

*Vistos os antecedentes anteriores, en uso das competencias atribuídas pola Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e polo que procedería a adopción polo Pleno do Concello a adopción do seguinte,*

**ACORDO:**

*1.Desestimar a solicitude da empresa Aquafit Gestión SL pola que se insta ao Concello de Cambados a ditar resolución pola que se recoñeza o seu dereito que lle asiste a ser resarcido co importe de 202.682,75 euros máis os intereses legais que se devenguen desde a data de reclamación polos danos e prexuízos irrogados pola suspensión do contrato de xestión de servizos públicos de piscina municipal e ximnasio municipal asinado polas partes o 28.01.2015 atendendo á motivación anterior.*

*2.Notificar a presente Resolución á mercantil interesada.*

*Vistos os antecedentes anteriores, en uso das competencias atribuídas pola Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e polo que se propón polo Pleno do Concello a adopción do seguinte,*

**ACORDO:**

*1.Desestimar a solicitude da empresa Aquafit Gestión SL pola que se insta ao Concello de Cambados a ditar resolución pola que se recoñeza o seu dereito que lle asiste a ser resarcido co importe de 202.682,75 euros máis os intereses legais que se devenguen desde a data de reclamación polos danos e prexuízos irrogados pola suspensión do contrato de xestión de servizos públicos de piscina municipal e ximnasio municipal asinado polas partes o 28.01.2015 atendendo á motivación anterior.*

*2.Notificar a presente Resolución á mercantil interesada.”*

Vistos os antecedentes anteriores en uso das competencias atribuídas pola Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro o Pleno por quince votos a favor dos concelleiros/as presentes no acto (a concelleira Sra. Fernández Pérez (PP) abstívose na deliberación e votación desconectando video e micrófono namentres se discutía e votaba o asunto) adopta o seguinte,

**ACORDO:**

1.Desestimar a solicitude da empresa Aquafit Gestión SL pola que se insta ao Concello de Cambados a ditar resolución pola que se recoñeza o seu dereito que lle



asiste a ser resarcido co importe de 202.682,75 euros máis os intereses legais que se devenguen desde a data de reclamación polos danos e prexuízos irrogados pola suspensión do contrato de xestión de servizos públicos de piscina municipal e ximnasio municipal asinado polas partes o 28.01.2015 atendendo á motivación anterior.

2. Notificar a presente Resolución á mercantil interesada.

## **2.- Expediente 1253/2021. Inicio expediente sobre resolución por incumprimento culpable da concesión do servizo de tratamento de residuos industriais na plataforma loxística inversa do polígono industrial “Sete Pías”.**

O Sr. Secretario da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Servizos de 10.05.2021, favorable, cos votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e as abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal de PP do seguinte tenor literal,

*“Contrato administrativo formalizado entre o IPESPO e a UTE o 16.09.2010 para a xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais non perigosos na Plataforma Loxística inversa do Polígono Industrial Sete Pías.*

*Solicitud de rescisión de contrato de data 05.11.2014 presentado pola UTE Estévez Container Orensanos SL e Soil Recovery SL*

*Informes da Secretaría e Intervención Municipal de 27.01.2015*

*Resolución da Alcaldía do 27.01.2015 desestimatoria das pretensións da UTE Estévez Container Orensanos SL e Soil Recovery SL*

*Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 00446/2017 polo que se resolveu estimar parcialmente o recurso planteado pola UTE Estévez Container Orensanos SL e Soil Recovery SL e revocar a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra acordándose retrotraer procedimentalmente a fin que polo Consello Consultivo de Galicia se emita o preceptivo ditame omitido.*

*Ditame do Consello Consultivo de Galicia de 30.10.2019 que informa desfavorablemente a proposta de resolución remitida polo Concello.*

*Acordo do Pleno do Concello de data 30.01.2020 no que se estableceu,*

*“PRIMEIRO.\_ DESESTIMAR a solicitude de RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE, XESTIÓN E TRATAMENTO DERESIDUOS INDUSTRIAIS E / OU URBANOS NA PLATAFORMA LOXÍSTICAINVERSA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS, SUBSCRITO ENTRE AMERCANTIL E O IPESPO EN DATA 16 DE SETEMBRO DO 2.010, formulada por don José Perfecto Cabanelas Calvelo, en nome e representación da mercantil“UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS ESTÉVEZ CONTAINERS ORENSANOS S.L YSOIL RECOVERY S.L”, con data de entrada no Rexistro Portelo único da Xunta de Galicia 3 de novembro do 2.014, NRE 1.289.522.315, con data de entrada noRexistro Xeral do Concello de Cambados, 5 de novembro do 2.014.*

**SEGUNDO.\_ INICIAR EXPEDIENTE SOBRE RESOLUCION, POR INCUMPRIMENTO CULPABLE DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS E DEMORA NO**





CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE, XESTIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E / OU URBANOS NA PLATAFORMA LOXÍSTICA INVERSA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS, SUBSCRITO ENTRE A MERCANTIL E O IPESPO EN DATA 16 DE SETEMBRO DO 2.010.”

Acordo do Pleno do Concello de data 30.07.2020 do seguinte tenor literal,

“DESESTIMAR ÍNTEGRAMENTE o recurso de reposición, formulado por parte de don Pedro Lucio Muriel Velasco, en calidade de representante legal da mercantil “U.T.E. ESTÉVEZ CONTAINER ORENSANOS, S.L. y SOILRECOVERY, S.L.”, a medio de escrito con data de entrada no Rexistro Xeral Electrónico do Concello de Cambados, 16 de marzo do 2.020, NRE 327. SEGUNDO. CONFIRMAR o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambados, de data 30 de setembro do 2.020, sobre desestimación da solicitude de resolución de mutuo acordo do Contrato de recollida, transporte, xestión e tratamento de residuos industriais e / ou urbanos na Plataforma loxística inversa do Polígono industrial de Sete Pías, subscrito en data 16 de setembro do 2.010, entre o IPESPO e a citada mercantil.”

Resolución da Alcaldía de 07.10.2020 pola que se declara a caducidade do procedemento de resolución do contrato.

Resolución da Alcaldía do 21.10.2020 pola que se inicia novo expediente de resolución do contrato que na súa parte dispositiva estableceu,

“1. Iniciar expediente sobre resolución por incumprimento culpable de obrigas contractuais esenciais e demora no cumprimento dos prazos do contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais non perigosos na plataforma loxística inversa do polígono industrial “Sete Pías”.

2. Notificar a presente Resolución á U.T.E. Estevez Container Ourenanos, S.L. y Soil Recovery S.L. en calidade de interesada.”

Informe da Tesouraría Municipal de 04.11.2020 que establece que,

“En contestación á providencia da alcaldía de 22.10.2020 infórmase que, en relación aos ingresos por canon da Plataforma Loxística Inversa do Polígono Industrial Sete Pías realizados pola “UTE Escor S.L. e Soil Recovery S.L. con CIF: U32408312) na contabilidade municipal, salvo erro ou omisión involuntaria, atopámonos cun único ingreso de 22.118,65 € procedente dun ingreso en executiva da Deputación Provincial de Pontevedra e que se corresponde co canon da Plataforma Loxística do cuarto trimestre de 2014.”

Informe da Policía Local de Cambados de 17.11.2020 que di que,

“Tras recibir instrucións para dar cumprimento a una Providencia de Alcaldía en la que se insta a la Policía Local de Cambados a realizar control de actividad en la Plataforma Logística Inversa del Polígono Industrial de Sete Pías.

Se hace constar que todas las patrullas de Policía Local de Cambados que prestaron servicio entre el 4 y el 13 de noviembre de 2020 no detectaron actividad empresarial de ningún tipo en la plataforma logística objeto de control”

Informe de Secretaría de 26.11.2020 que nos seus fundamentos xurídicos expresou,

“Convén determinar, nun primeiro lugar, o réxime xurídico de aplicación ao contrato en cuestión formalizado en data de 16.09.2010.

Nesa data era de aplicación a Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público que será a lexislación de aplicación consonte á Disposición Transitoria Primeira da Ley



9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014 cunha redacción coincidente a empregada no Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro por el que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

No capítulo quinto do prego de cláusulas administrativas particulares relativos á conclusión e extinción do contrato se expresa que,

“Serán causas de resolución as previstas no artigo 262 de la LCSP en relación co artículo 206 do mesmo texto legal e o presente prego.

As causas de resolución do contrato serán aplicadas de acordo co establecido no artigo 263 da LCSP”.

De acordo co artigo 206 da LCSP son causas de resolución do contrato:

a) A morte ou incapacidade sobrevenida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 73 bis.

b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquer outro procedemento.

c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.

d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado na letra c) do apartado 2 do artigo 96.

e) A demora no pago por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 200 ou o inferior que se houberse fixado ao amparo do seu apartado 8.

f) O incumplimento das restantes obrigas contractuales esenciais, calificadas como tales nos pregos ou no contrato.

g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ao interese público de continuarse executando a prestación neses termos, cando non sexa posible modificar o contrato conforme ao disposto no título V del libro I.

h) As establecidas expresamente no contrato.

i) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.

d) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato”.

Neste caso os antecedentes e informes incorporados ao expediente poñen de manifesto o continuado incumprimento do contratista na execución do contrato.

Por resumir, citar que a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra xa se poñía de manifesto á vista da documentación obrante no expediente que,

“debe señalarse que, como refiere, la entidad demandada y así lo reconoce la parte recurrente, dicha parte no cumplió uno de los requisitos contenidos en el contrato suscrito en fecha de 16 de septiembre de 2010. De acuerdo con dicho contrato, la parte recurrente se comprometía a efectuar una inversión por importe de 1.074.428 euros, inversión total que, como reconoce la parte recurrente no se ha realizado, lo que determina el incumplimiento de una obligación contenida en el contrato”.



Son concluintes os informes da Policía Local de 10.03.2020, 17.11.2020 que en relación á actividade da Plataforma Loxística detallan,

*“rellenada por los diferentes Policías que han prestado servicio de patrulla los turnos de mañana y tarde de los días 03/03/2020 al 09/03/2020, se hace constar que en ninguna de las inspecciones realizadas se ha constatado desarrollo de actividad comercial alguna”.*

*“Tras recibir instrucciones para dar cumplimiento a una Providencia de Alcaldía en la que se insta a la Policía Local de Cambados a realizar control de actividad en la Plataforma Logística Inversa del Polígono Industrial de Sete Pías.*

*Se hace constar que todas las patrullas de Policía Local de Cambados que prestaron servicio entre el 4 y el 13 de noviembre de 2020 no detectaron actividad empresarial de ningún tipo en la plataforma logística objeto de control”*

De igual forma, a estipulación segunda do contrato obrigaba a abonar un canon anual de 104.400 €, IVE incluído.

Neste sentido resulta esclarecedor o informe da Tesouraría Municipal de 04.11.2020 relativa aos ingresos efectuados pola UTE en concepto de canón do contrato desde o ano 2010 que a continuación se reproduce,

*“En contestación á providencia da alcaldía de 22.10.2020 infórmase que, en relación aos ingresos por canon da Plataforma Loxística Inversa do Polígono Industrial Sete Pías realizados pola “UTE Escor S.L. e Soil Recovery S.L con CIF: U32408312) na contabilidade municipal, salvo erro ou omisión involuntaria, atopámonos cun único ingreso de 22.118,65 € procedente dun ingreso en executiva da Deputación Provincial de Pontevedra e que se corresponde co canon da Plataforma Loxística do cuarto trimestre de 2014.”*

Queda acreditado, pois, o incumprimento da UTE no abono dos prazos establecidos para o abono do canón.

A maiores queda probado que a prestación principal do contrato, que non é outra que a xestión do servizo público de tratamento de residuos industriais non perigosos da Plataforma Loxística Inversa, non se está a prestar tal e como acreditan os informes que se incorporan ao expediente.

Unha vez acreditada a citada circunstancia convén ter en conta que, de acordo co establecido no artigo 199 da Lei 30/2007, a execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

A sentenza do TSJ de Madrid do 3 de abril de 2006 aborda esta cuestión baixo os seguintes argumentos,

*“si se admite la posibilidad de mantener el equilibrio financiero del contrato mediante la coparticipación en los riesgos de ambas partes, es porque de este modo se garantiza la continuidad y buena prestación del servicio, en el que la Administración está directamente interesada, y en este fundamento insiste siempre tanto la doctrina como la jurisprudencia, que dejan bien claro que no se trata de salvar al contratista privado a toda costa de los riesgos que no son imputables directa o indirectamente a la Administración, sino de velar por el mantenimiento del servicio, de manera que cuando éste no está en juego rige el principio del riesgo y ventura para el contratista (...) de modo que el contratista no tiene una especie de seguro a cargo de la Administración que le cubra de todos los riesgos de su actividad, pues la actividad empresarial es por esencia imprevisible, y del mismo modo que la marcha de los acontecimientos puede determinar ganancias para el empresario, esta misma marcha puede hacer que sufra pérdidas y no por ello tales pérdidas ha de compartirlas siempre y en todo caso la otra parte contratante -pues el que arriesga su dinero en un negocio asume como premisa que determinadas actividades son de suyo una apuesta en la que se puede*



ganar o perder-, en este caso la Administración, y es por esta razón por la que el Tribunal Supremo acude en casos como el presente a la aplicación del más tradicional principio propio de la contratación privada de la cláusula “rebus sic stantibus”, que desde luego no garantiza tampoco y en todo caso las eventuales pérdidas que pueda padecer uno de los contratantes”. En lógica consecuencia, continúa la misma Sentencia, “es una constante en la Jurisprudencia que aplica la teoría del riesgo imprevisible la exigencia de que la ruptura de equilibrio financiero del contrato se deba a circunstancias y alteraciones económicas extraordinarias, anormales, imprevistas y profundas que afecten grandemente a éste (Sentencias de la Sala Tercera del Tribunal Supremo de 30 de Abril de 1.999, 20 de Mayo de 1.999 y 30 de Abril del 2.001, entre otras). (...) dice la Sala Tercera del Tribunal Supremo en Sentencia de 17 de Enero del 2.001 que “la aplicación de la cláusula “rebus sic stantibus”, desde la perspectiva del art. 1258 del Código Civil, ha permitido afirmar al Tribunal Supremo, Sala Primera, que la imprevisibilidad ha de acreditarse en forma racionalmente contundente y decisiva (Sentencia de 23 de Junio de 1.997)” (fuente: Tribunal Administrativo de Navarra. [www.navarra.es](http://www.navarra.es). Nº res 06073/13).

Detéctanse de forma resumida os seguintes incumprimentos:

- a) Realización da inversión mínima inicial de 1.074.428 euros
- b) Pago periódico do canón
- c) Prestación continuada do obxecto do contrato que deriva nun abandono do servizo tal e como se desprende dos informes da Policía Local e da Tesouraría.

Ao fío do anterior detéctase unha demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista que nos levaría a concorrencia da causa de resolución do contrato que establece o artigo 206 d) da LCSP.

Pero, ademáis, o feito de levarse a cabo os incumprimentos acreditados na realización da inversión inicial; no pagamento regular do canón establecido e no cumprimento da mesma esencia do contrato (“xestión do servizo público de tratamento de residuos industriais non perigosos da Plataforma Loxística Inversa”) nos leva a concluír que se incumpren obrigas contractuais que afectan á esencia mesma do contrato.

As citadas obrigas se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares (cláusula 1.1 terceiro parágrafo, 1.4, 4.5.1.1. a), f)), nos pregos de prescricións técnicas e no contrato administrativo (estipulacións primeira e segunda).

De igual maneira a cláusula 4.5.1.2 regula as obrigas específicas da concesión facéndose alusión á organización do servizo, un horario semanal de 40 horas, obriga de elaborar semestralmente o informe de explotación que se observa non se cumpriron en ningún momento.

O Tribunal Supremo, en sentenza 4346/2002 de 14.06.2002, veu pronunciarse ao respecto dos requisitos necesarios para proceder á resolución culpable do contrato da seguinte maneira,

“la doctrina jurisprudencial ha matizado que tal incumplimiento ha de ser relevante para que quede legitimada tan drástica consecuencia, pues, como dice la sentencia de 14 de diciembre de 2001, recapitulando la doctrina jurisprudencial, a los efectos de apreciar un incumplimiento bastante para la resolución, lo determinante debe ser que afecte a la prestación principal del contrato y que se exteriorice a través de una inobservancia total o esencial de dicha prestación.”.

Cabe preguntarse agora se o incumplimento de obrigas contractuais esenciais que non fosen definidas como tales nos pregos ou no contrato impediría a súa resolución por incumplimento



culpable do contratista.

Pois ben, o Consello Consultivo de Madrid en ditame 403/2013 establece que,

*“Sin perjuicio de ello, este Consejo se ha planteado en anteriores ocasiones (dictámenes 631/11 y 324/13), la posibilidad de resolver aun cuando no se haya consignado expresamente el carácter esencial de determinada obligación. Ya decíamos en el último Dictamen citado que se trata de evitar las desfavorables consecuencias que para el interés general se podrían derivar de una interpretación estricta de la norma que impidiese la resolución ante incumplimientos de obligaciones esenciales no recogidos expresamente, por el hecho de una defectuosa elaboración de los pliegos o del contrato.*

*Además, la exigencia legal de consignación de los incumplimientos de las obligaciones esenciales del contrato no puede suplir a los elementos que son “esenciales” de dicho contrato según el propio ordenamiento jurídico, y que cuando son transgredidos deben dar lugar a la nulidad o resolución. Es decir, los pliegos deberán recoger aquellas causas que, precisamente, por no ser a priori esenciales, el órgano de contratación quiere otorgarles tal carácter, pero ello sin perjuicio de poder considerar como causa de resolución un incumplimiento que afecte a un elemento esencial del contrato. Esta es la finalidad de la norma, interpretación teleológica que debe estar presente en su aplicación.”*

Aludir, igualmente ao Dictame do Consello Consultivo de Castilla y León (Dictame 115/2014, de 11 de abril) que facendo un repaso á doutrina e xurisprudencia sobre o particular expón que,

*“También se consideró así en un procedimiento de resolución de un contrato de gestión de servicio público. En tal supuesto el pago del canon no se calificó expresamente como obligación esencial ni en los pliegos ni en el contrato, lo que podría limitar a priori la resolución del contrato por tal causa. Sin embargo, la omisión de la calificación del carácter esencial no obsta para que la Administración, justificando debidamente la esencialidad de la obligación, pueda proceder a la resolución contrato por este motivo.*

*Esta posibilidad de atribuir carácter esencial a obligaciones no calificadas como tales en el contrato o en los pliegos se admite también por otros órganos consultivos. Así, el Consejo Consultivo de Madrid, en el Dictamen 408/2011, señala: “En este punto, la indiscutida exigencia legal (art. 206 g) y jurisprudencial (SSTS, Sala 3ª, de 26/1/01, 14/6/02 y 25/5/04) de que los incumplimientos se refieran a obligaciones `esenciales` del contrato limita en buena medida la potestad resolutoria de la Administración, pero ello no significa que la Administración no pueda hacer uso de esa facultad ante incumplimientos del contratista esenciales pero no calificados como tales en los pliegos o en el contrato. Como ha señalado el Tribunal Supremos en numerosas sentencias (así por ejemplo SSTS, Sala 3ª, de 6/4/87 y 14/11/00), en su determinación deben ponderarse las circunstancias concurrentes, al objeto de alcanzar la necesaria y debida proporcionalidad entre los hechos y sus consecuencias, valorando, conforme a la buena fe y la equidad, el grado de infracción de las condiciones estipuladas y la intención del contratista. Además, se impone que por parte de la Administración se lleve a cabo una adecuada justificación del carácter esencial de cada uno de los incumplimientos alegados”. En el mismo sentido se pronunció la Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Comunidad Autónoma de Aragón, en su Informe 20/2011, de 12 de septiembre.*

*De acuerdo con ello, resulta evidente que el pago del canon constituye, junto a la explotación del servicio, una de las obligaciones básicas del contrato suscrito, por lo que se consideró en este caso como obligación esencial.*

*El carácter esencial de la obligación de abonar el canon, cuyo incumplimiento se reiteró dos años consecutivos, junto a la aparente voluntad rebelde del contratista al pago, determinó que en este caso se apreciara la concurrencia de una causa de incumplimiento imputable al*



contratista, incardinable en la letra f) del artículo 206 del LCSP, y, por ello, la procedencia de la resolución contractual.”

A xuízo deste informante, a falta de prestación do obxecto do contrato, o incumprimento dos investimentos comprometidos e a falta de pago do canón constitúen incumprimentos esenciais deste contrato que veñen probar o abandono do servizo por parte do contratista, e a necesidade de proceder á resolución culpable do contrato sen maior dilación tendo en conta o prazo transcurrido desde a detección destes incumprimentos.

O procedemento de resolución de contratos administrativos atópase actualmente regulado no artigo 109 do Real Decreto 1098/2001, que aproba o Regulamento da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas, procedemento integrado polos seguintes trámites: audiencia ao avalista ou contratista (no caso de que o procedemento se inicie de oficio), audiencia ao avalista ou asegurador (se se propón incautar a garantía), informe do Servicio Xurídico e, por último, ditame do Consello de Estado (ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, neste caso Consello Consultivo de Galicia) sempre que existise oposición por parte do contratista.

En relación á garantía definitiva, o parágrafo 5.2 do prego establece que,

“Cuando el contrato se resuelva por causa imputable al contratista, el Ayuntamiento de Cambados procederá de forma inmediata a incautar la fianza constituída y determinará, a continuación, el importe de los daños y perjuicios causados que deberán soportados por el mismo”

Procederá, pois, a incautación da garantía e fixar a indemnización que no seu caso correspondera ao fío do disposto no artigo 208.4 e 5 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público que establece,

“Cuando el contrato se resuelva por incumplimiento culpable del contratista, éste deberá indemnizar a la Administración los daños y perjuicios ocasionados. La indemnización se hará efectiva, en primer término, sobre la garantía que, en su caso, se hubiese constituido, sin perjuicio de la subsistencia de la responsabilidad del contratista en lo que se refiere al importe que exceda del de la garantía incautada.

En todo caso el acuerdo de resolución contendrá pronunciamiento expreso acerca de la procedencia o no de la pérdida, devolución o cancelación de la garantía que, en su caso, hubiese sido constituida.”

En base aos antecedentes anteriores e polo que procede a adopción do seguinte acordo,

1. Resolver o contrato administrativo de recollida, transporte, xestión e tratamento de residuos industriais e / ou urbanos na plataforma lóxística inversa do polígono industrial de Sete Pías e incautar a garantía definitiva do contrato.

2. Outorgar trámite de audiencia ao contratista e ao avalista ou asegurador por un período de dez días para que poidan formular as alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

3. No caso de que exista oposición por parte do contratista elevar o expediente ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do preceptivo ditame.

No seu caso, fixar a indemnización de danos e prexuízos causados polo importe que exceda da citada garantía.

Resolto o contrato procederá a entrega ao Concello de Cambados de todos os bens revertibles afectos ao contrato, entre as que se atopa a nave na que concertou a actividade contractual, iniciándose a fase de liquidación do contrato.

Procede, igualmente, dar traslado do expediente á Intervención Municipal a efectos de que emita o informe de fiscalización correspondente.”

Trámite de audiencia conferido á UTE Estévez Container Orensanos SL e Soil Recovery SL e ás entidades avalistas en data de 02.12.2020.

Alegacións da UTE Estévez Container Orensanos SL e Soil Recovery SL de 14.12.2020 opoñéndose á resolución por incumprimento culpable do contratista e ás incautacións das garantías do contrato.

Proposta de resolución do 28.12.2020 que di,

“Resolver o contrato de xestión indirecta da concesión do servizo de tratamento de residuos



*industriais non perigosos na plataforma loxística inversa do polígono industrial “Sete Pías” no termo municipal de Cambados por incumprimento culpable de obrigas contractuais esenciais e demora no cumprimento dos prazos do contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais non perigosos na plataforma loxística inversa do polígono industrial “Sete Pías, e incautar a garantía definitiva do contrato.”*

*Resolución da Alcaldía do 28.12.2020 solicitando ditame do Consello Consultivo de Galicia e suspendendo os prazos para resolver o procedemento.*

*Ditame do Consello Consultivo de Galicia do 28.01.2021 que informa desfavorablemente a proposta municipal ao considerar que “a competencia para a incoación e a resolución do procedemento corresponde ao Pleno do concello, e non á Alcaldía” e no que se posibilita a iniciación dun novo procedemento de resolución.*

*Resolución da Alcaldía do 16.03.2021 que declara a caducidade do procedemento de resolución culpable e o arquivo das actuacións de referencia.*

### **Fundamentos Xurídicos**

*Visto que no capítulo quinto do prego de cláusulas administrativas particulares relativos á conclusión e extinción do contrato se expresa que,*

*“Serán causas de resolución las previstas en el artículo 262 de la LCSP en relación con el artículo 206 del mismo texto legal y el presente pliego.  
Las causas de resolución del contrato serán aplicadas de acuerdo con lo establecido en el artículo 263 de la LCSP”.*

*Visto o disposto no artigo 206 d) e f) da LCSP que configura como causas de resolución do contrato:*

*“d)La demora en el cumplimiento de los plazos por parte del contratista y el incumplimiento del plazo señalado en la letra c) del apartado 2 del artículo 96.*

*(...)*

*f)El incumplimiento de las restantes obligaciones contractuales esenciales, calificadas como tales en los pliegos o en el contrato.”*

*Vistos que os antecedentes anteriores veñen acreditar o incumprimento culpable da contratista, en uso das facultades atribuídas ao Pleno do Concello pola Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do sector público e polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:*

*1.Iniciar expediente sobre resolución por incumprimento culpable de obrigas contractuais esenciais e demora no cumprimento dos prazos do contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais non perigosos na plataforma loxística inversa do polígono industrial “Sete Pías”, sen prexuízo do que se poida deducir da instrucción do expediente.*

*2.Ordenar a incorporación ao expediente de toda a documentación precisa para tal finalidade que obra en dependencias municipais, de acordo co principio de conservación de actos e trámites.*

*3.Notificar a presente Resolución á U.T.E. Estevez Container Ourenanos, S.L. y Soil Recovery S.L. en calidade de interesada.”*



Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Iniciar expediente sobre resolución por incumplimento culpable de obrigas contractuais esenciais e demora no cumprimento dos prazos do contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo de tratamento de residuos industriais non perigosos na plataforma loxística inversa do polígono industrial "Sete Pías", sen prexuízo do que se poida deducir da instrucción do expediente.

SEGUNDO.- Ordenar a incorporación ao expediente de toda a documentación precisa para tal finalidade que obra en dependencias municipais, de acordo co principio de conservación de actos e trámites.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á U.T.E. Estevez Container Ourenanos, S.L. y Soil Recovery S.L. en calidade de interesada.

### 3.- Expediente 4973/2020. Proposta do Grupo Municipal do P.P. instando o inicio do expediente para adquisición de terreos para o proxecto de saneamento Vilanova/Cambados

O Sr. Secretario da conta do ditame favorable emitido Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por dous votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e catro abstencións dos concelleiros dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e e grupo mixto Cambados Pode, que se recolle a continuación:

*"En los últimos años la red general de saneamiento que recorre el litoral de los municipios de Vilanova de Arousa y de Cambados venían presentando una serie de deficiencias que provocan vertidos en la ría con el daño medioambiental y a los bancos marisqueos.*

*Asimismo desde el PP llevamos años reivindicando una senda que una nuestro municipio con el de Vilanova de Arousa y el de A Illa de Arousa permitiendo el tráfico de peatones y bicicletas con la importancia que tiene para nuestros vecinos y visitantes.*

*Por lo anteriormente expuesto desde el Gobierno del PP en la Mancomunidad del Salnés en la anterior legislatura gestionamos con Aguas de Galicia el proyecto de mejora de red y bombes desde Vilanova y Corbillón a la depuradora, incluyendo la adquisición por ambos Concellos de una franja de terreno de tres metros de ancho para el paso de la tubería con la idea de convertirlo en senda. Dada la importancia de este proyecto para los vecinos de Cambados y su tejido industrial, comercial y turístico el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno la aprobación del siguiente acuerdo:*

*Que por parte del Concello de Cambados se inicie de forma urgente la adquisición de los terrenos que figuran en el proyecto de saneamiento y la realización de la citada senda sobre los terrenos adquiridos."*

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

Que por parte do Concello de Cambados se inicie de forma urxente a adquisición dos terreos que figuran no proxecto de saneamento e a realización da citada senda sobre os terreos adquiridos.





#### 4.- Expediente 234/2021. Proposta do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE solicitando a creación dun fondo extraordinario nos orzamentos da Xunta de Galicia/2021 para loita contra a Covid-19

O Sr. Secretario da conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por tres votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e tres abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e grupo mixto Cambados Pode, que se recolle a continuación:

*“Hai xa case un ano, a pandemia da COVID-19 asolou as nosas vidas e unha vez máis as entidades locais mostraron ser a administración máis próxima á cidadanía atendendo ás necesidades máis inmediatas e reais das veciñas e veciños. Os concellos volveron a mostrar novamente a importancia do municipalismo para garantir os dereitos básicos e fundamentais dos galegos e galegas.*

*Durante toda esta pandemia, os Concellos de Galicia víronse obrigados a dar resposta con fondos propios a todos os gastos de competencias impropias que se viron na obriga de asumir, como foron as desinfeccións dos colexios, as desinfeccións dos centros de saúde ou a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das medidas de prevención para a loita contra a COVID-19, entre outras que son ben coñecidas.*

*O 26 de xuño de 2020, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-COVID-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar esta. Ademais, establécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas necesarias para que as entidades locais poidan saír deste crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás.*

*Durante toda a pandemia da COVID-19, a Xunta de Galicia presidida por Núñez Feijóo ten aprobadas varias normas nas que se incrementaron as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñan achegado o financiamento necesario para poder desenvolverlas.*

*No mes de novembro do pasado ano, o goberno de Alberto Núñez Feijóo presentou os orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, nos que non só non contemplaba unha partida extraordinaria para os concellos para afrontar os gastos extraordinarios orixinados pola xestión da crise sanitaria, senón que inexplicablemente propoñían a redución dos fondos destinados aos concellos. Todo elo, a pesar de ter recibido uns fondos extraordinarios que para 2021 ascenden a 1.100 millóns de euros do Estado e da Unión Europea para combater a pandemia da COVID-19.*

*A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan os recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía, como se puido ver na xestión da loita contra a pandemia.*

*Ante este ataque completamente inxustificado ás entidades locais que castiga claramente á administración máis próxima á cidadanía, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda aos orzamentos galegos para o ano 2021 na que propón a creación dun fondo extraordinario destinado aos concellos co fin de establecer unha partida dotada de 100 millóns de euros para suplir os gastos relativos á COVID-19, que poida ser distribuído con criterios obxectivos.*

*Por todo iso, dende o Grupo Municipal Socialista de Cambados propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:*

- 1. Recoñecer e pór en valor o traballo levado a cabo polos Concellos galegos que foi clave para loitar contra a pandemia da COVID-19.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento da Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de, ao menos, 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos.*



3. *Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia*”.

Sometido a votación obtense o seguinte resultado de empate:

PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG (8)  
PP, Grupo Mixto Cambados Pode (8)

De acordo co artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro prodúcese unha nova votación persistindo o empate anterior co que decide o voto de calidade da Sra. Alcaldesa adoptándose o seguinte,

**ACORDO:**

PRIMEIRO. Recoñecer e pór en valor o traballo levado a cabo polos Concellos galegos que foi clave para loitar contra a pandemia da COVID-19.

SEGUNDO. Instar á Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento da Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de, ao menos, 100 millóns de euros para este 2021 que se reparta con criterios obxectivos.

TERCEIRO. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

**5.- Expediente 1276/2021. Proposta do Grupo Municipal Cambados Pode instando a facer unha nova compactación do terreo na obra de saneamento de Cobas de Lobos, mellore a capa de rodadura e se amplie a rede de sumidoiros nesa zona.**

O Sr. Secretario da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Servizos de 10.05.2021, favorable, co voto a favor do grupo mixto Cambados Pode e as abstencións dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG, PP do seguinte tenor literal:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Nestas últimas semanas estánse producindo varios afundimentos no camiño onde o Concello de Cambados está realizando as obras de saneamento para conectar varias vivendas á rede de sumidoiros. Tres graves accidentes, o vorcado dun tractor e dun camión de recollida do lixo así como un coche que quedou enterrado nun tramo da zanja acabaron coa paciencia dos veciños. Hai unha inseguridade viaria enorme e os veciños reclaman que se abra de novo a zanja para facer unha nova compactación do terreo e se mellore a capa de rodadura do camiño para que quede nas mesmas condicións previas ao inicio deste proxecto.*

*Os veciños xa contactaron en numerosas ocasións co goberno municipal sen que ata o momento achegasen ningunha solución definitiva. Trátase dunha obra iniciada no pasado mes de setembro do 2020 con cargo ao Plan Concellos 2019, cun orzamento aproximado de 48.000 €, un prazo de execución de 2 meses e que segundo o concelleiro de obras aínda non está recibida a data do 16 de marzo de 2021.*



A preocupación é máxima porque os veciños temen que se sigan producindo afundimentos no futuro xa que a partir do mes de marzo aumenta a densidade de vehículos agrícolas que circulan por ese tramo do viario público para acceder e traballar nas leiras agrícolas, invernadoiros, viñedos, etc.

Na lexislatura pasada estaba previsto unha segunda fase do saneamento en Cobas de Lobos para conectar á rede de sumidoiros varias vivendas da zona tal como podemos observar no seguinte gráfico.



Sen dúbida estas ampliacións das redes de sumidoiros contribúen á conservación e mellora do Medio-Ambiente e trátase de infraestruturas esenciais para mellorar a calidade das nosas augas e polo tanto dos nosos recursos naturais. Tódalas administracións públicas deben estar comprometidas cos obxectivos mencionados e polo tanto é fundamental levar a cabo estratexias que permitan a execución de proxectos como o que estamos a falar.

Ante a patente situación de inseguridade viaria, ante a deficiente execución das obras así como ante a necesidade de garantir os servizos básicos a tódolos cidadáns presentamos ante o Pleno do Concello de Cambados o seguinte acordo.

#### O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a facer unha nova compactación do terreo na obra do saneamento de Cobas de Lobos comprobando que non romperá o colector de recollida, a repoñer o firme do camiño nas mesmas condicións que antes do inicio desta actuación e a reunirse cos veciños afectados para achegar unha solución eficaz e definitiva a este problema de inseguridade viaria.

2º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a tramitar o proxecto de ampliación da rede de saneamento tal como se pode apreciar en cor vermella no gráfico de páxina anterior para garantir o acceso a un servizo básico como é o saneamento a toda a cidadanía cambadesa.

3º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á tódolos veciñ@s afectados.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por dez votos a favor (PP, BNG, Grupo Mixto



Cambados Pode e seis abstencións (PsdeG-PSOE e Somos Cambados) adopta o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a facer unha nova compactación do terreo na obra do saneamento de Cobas de Lobos comprobando que non romperá o colector de recollida, a repoñer o firme do camiño nas mesmas condicións que antes do inicio desta actuación e a reunirse cos veciños afectados para achegar unha solución eficaz e definitiva a este problema de inseguridade viaria.

**SEGUNDO.** Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a tramitar o proxecto de ampliación da rede de saneamento tal como se pode apreciar en cor vermella no gráfico de páxina anterior para garantir o acceso a un servizo básico como é o saneamento a toda a cidadanía cambadesa.

**TERCEIRO.** O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á tódolos veciñ@s afectados.

**6.- Expediente 395/2021. Proposta do Grupo Municipal SOMOS CAMBADOS para mellorar o transporte público no Salnés.**

O Sr. Secretario da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Servizos de 10.05.2021, favorable, dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e as abstencións dos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode do seguinte tenor literal:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A situación actual do transporte público por estrada na nosa comarca é peor da que era hai décadas. Co paso dos anos foron eliminándose liñas e frecuencias, ata o punto de deixar practicamente sen utilidade boa parte das conexións entre algúns dos concellos máis poboados do Salnés. De maneira que a existencia de determinadas liñas interurbanas parece hoxe meramente simbólica. As conexións por estrada coas principais cidades galegas tamén empeoraron notablemente, sendo inexistentes nalgúns casos e con viaxes máis longas ou duradeiras noutros.*

*O Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de novembro de 2018, lonxe de axudar a mellorar, contribuíu decisivamente a empeorar a situación do transporte público por estrada na comarca do Salnés. No momento da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade indicaba que o PTPG “marca as directrices para lograr un modelo sostible e eficiente que se adapte ás necesidades de mobilidade dos galegos del século XXI”. Unha afirmación que, cando menos, parece afastarse moito da realidade.*

*Nun momento no que estamos a abordar o reto que supón acadar os obxectivos da Axenda 2030, a política de transporte público por estrada da Xunta, e particularmente o PTPG, non lle deixa outra opción á cidadanía do Salnés que seguir empregando vehículos particulares para dirixirse aos centros de traballo (polígonos industriais), hospitais (e centros de saúde), universidades, aeroportos, estacións de tren, centros comerciais ou de ocio, etc. E así resulta imposible ter unha mobilidade sostible, na que se dea prioridade ao transporte público para mellorar a seguridade vial e reducir a contaminación atmosférica e acústica.*



*Por outra banda, cabe sinalar que, sendo a comarca do Salnés a terceira en densidade de poboación de Galicia, resulta inconpreensible a súa exclusión do recoñecemento autonómico como área metropolitana, condición que si se lle outorgou a cinco comarcas con menor densidade cá nosa, que van obter unha serie de beneficios grazas a ese recoñecemento do seu carácter metropolitano.*

*Para a cidadanía do Salnés, dispoñer dunha boa rede de transporte público é unha prioridade indubidable. Xunto coa sanidade, o ensino ou o emprego representa unha das cuestións máis importantes para favorecer a economía e mellorar a calidade de vida na nosa comarca. Xa que logo, os concellos do Salnés deben prestar unha atención especial ao transporte público, expoñendo as súas demandas ao respecto ante a Xunta de Galicia e traballando na medida das súas posibilidades nesta materia tan importante para o noso futuro.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse o seguinte ACORDO:*

- 1. O Concello de Cambados insta á Xunta de Galicia a aumentar ó número de liñas e frecuencias do transporte público por estrada na nosa comarca.*
- 2. O Concello de Cambados insta á Xunta de Galicia a recoñecer o carácter metropolitano da nosa comarca, de maneira que a cidadanía do Salnés poida dispoñer dos mesmos beneficios que este recoñecemento implica para as persoas residentes nas demais áreas metropolitanas galegas.”*

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade,

#### **ACORDA:**

PRIMEIRO. Instar á Xunta de Galicia a aumentar ó número de liñas e frecuencias do transporte público por estrada na nosa comarca.

SEGUNDO. Instar á Xunta de Galicia a recoñecer o carácter metropolitano da nosa comarca, de maneira que a cidadanía do Salnés poida dispoñer dos mesmos beneficios que este recoñecemento implica para as persoas residentes nas demais áreas metropolitanas galegas.

#### **7.- Expediente 1336/2021. Proposta do Grupo Municipal Cambados Pode instando a incluír no Inventario Municipal de camiños públicos o vial que une as parroquias de Corvillón e Vilariño por “Monte do Corgo”.**


O Sr. Secretario da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Servizos de 10.05.2021, favorable, co voto a favor do grupo mixto Cambados Pode e as abstencións dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG, PP do seguinte tenor literal:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*No Pleno do mes de xaneiro de 2021 aprobouse definitivamente o “Inventario Municipal de Camiños Públicos”. Nese documento, nos planos D2 e D3 non figuran como públicos os camiños que se mostran no seguinte plano das Normas Subsidiarias do Planeamento*



**Urbanístico do Concello de Cambados do ano 1994** con cor vermella. Os camiños en cor verde aparecen inventariados como públicos.



Normas Subsidiarias do Concello de Cambados



Fotograma con data de voo no 23/07/1956

O Centro Nacional de Información Xeográfica dispón dunha biblioteca de fotos antigas nas que se poden apreciar os camiños descritos en cor vermella tanto nos fotogramas de 1956 como de 2010.

Tamén se reflexa a existencia destes camiños na parcelación e venda dun terreo a monte, de carácter propio do Concello de Cambados, sito na parroquia de Corbillón, denominado "Monte do Corgo", dos de libre disposición dos Concellos para a súa venda e inversión en obras de interese xeral do Municipio (no ano 1941). Na escritura de parcelación e venda N.º 617 de protocolo, de data 11 de novembro de 1941, ante o notario de Vilagarcía de Arousa, Felipe Villalba Lagua; no expoñendo terceiro, descríbese a parcelación de dito monte en 37 parcelas e nas superficies necesarias para establecer os camiños, polo que quedaría demostrado a existencia dos mencionados viais.

A maiores na Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados, en sesión celebrada o día 15 de xullo de 2002, acordouse recoñecer a existencia de ditos camiños, amparándose na escritura descrita no párrafo anterior.

Na actualidade existe un conflito veciñal debido a que un dos propietarios de parcelas nesa zona procedeu á ocupación e colocación de postes de alambrado impedindo o paso polos viais mencionados. Ante esta situación os veciños afectados contactaron cos responsables municipais na Área de Urbanismo sen que polo momento se acadara unha solución efectiva a dito problema.

Tamén temos constancia dunha solicitude de Corrección de discrepancias ante a Xerencia Territorial de Catastro, por parte dun dos propietarios, alterando o trazado dos viais mencionados.

Segundo toda a documentación que existe (catastro antigo, normas subsidiarias do planeamento de Cambados, documentos de parcelación, fotos antigas, etc.) estes camiños son de titularidade municipal polo que sería convinte que o Concello de Cambados iniciase de oficio de forma urxente un expediente administrativo de reposición da legalidade



urbanística.

*Esta situación está a provocar moitos problemas aos veciños con propiedades nesa zona que non poden acceder ás súas parcelas e se ven obrigados a pasar a través de leiras privadas lindeiras para poder entrar nas súas propiedades. Ou noutros casos hai veciños que teñen que dar unha volta enorme cos seus vehículos agrícolas para chegar aos seus terreos cos inconvinientes que isto ocasiona. Hai ao redor de 40 veciños afectados.*

*Ante esta problemática é fundamental que o goberno municipal actúe de oficio para reaperturar e clasificar como públicos os mencionados viais.*

**O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:**

*1º.- Instar á Alcaldesa e ao goberno municipal a que inicie de oficio un expediente administrativo de reposición da legalidade urbanística para reaperturar os mencionados viais e comunicar á Xerencia Territorial de Catastro a titularidade pública dos mesmos.*

*2º.- Instar ao grupo de goberno do Concello de Cambados a actualizar o Inventario Municipal de Camiños Públicos incorporando os viais en cuestión.*

*3º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á tódolos propietarios afectados."*

No curso do debate planteouse unha emenda ao punto da orde do día, concretamente ao seu punto primeiro, do seguinte tenor literal,

*"1º. Instar á Alcaldesa e ao goberno municipal a que inicie de oficio o expediente administrativo correspondente para reaperturar os mencionados viais e comunicar á Xerencia Territorial de Catastro a titularidade pública dos mesmos."*

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade, acorda tomar en consideración a emenda anterior.

Rematadas as intervencións, e sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

**PRIMEIRO.** Instar á Alcaldesa e ao goberno municipal a que inicie de oficio o expediente administrativo correspondente para reaperturar os mencionados viais e comunicar á Xerencia Territorial de Catastro a titularidade pública dos mesmos.

**SEGUNDO.** Instar ao grupo de goberno do Concello de Cambados a actualizar o Inventario Municipal de Camiños Públicos incorporando os viais en cuestión.

**TERCEIRO.** O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á tódolos propietarios afectados.

Chegada a medianoite a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

